


No 50 aniversario de “Memorias dun Neno Labrego”



Anacos dunha conversa con Xosé Neira Vilas referida aos anos previos a escrita dun dos clásicos da literatura galega contemporánea

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

MARGA DO VAL

Moitas son xa as tardes que levamos na compañía amiga de Xosé Neira Vilas, coa súa conversa amábel, coa súa memoria e co devalo dos seus días. Tardes na paisaxe das Illas de Gres, co borboriño do Ulla, horas entre os libros e papeis na biblioteca da Fundación Neira Vilás, na compañía das flores que aínda agroman das mans de Anisia, compañeira leal, amiga. Moita a xenerosidade de Pepe, no chamar da amizade e veciñanza, para legarnos este cachiño de conversa. Velaí o autor de *Memorias dun neno labrego* para conmemorar feliz, e nós felices con el, estes cincuenta anos do Balbino; velaí o Pepe Neira que lembra a súa infancia, a paixón da lectura e do desexo de saber que lle ficou prendida para sempre, coa que emigrou e aprendeu de Galiza en Buenos Aires. Xosé Neira Vilas lembra e quen le só debe deixarse levar, coma nós, pola lucidez da súa conversa que nos guía desde un anaco de terra á beira da Ponte Ledesma até o agromar de “Follas Novas”.



Que recordas dos teus primeiros vinte anos de vida, daquel mozo antes de emigrar?

Recordo traballar na terra desde os cinco ou seis anos, ir levar as vacas pacer ao monte, pouquiñas vacas. De tanto ir ao mesmo sitio, a herba estaba roída e as vacas esfameadas. Ir facer de contrapeso no canizo da grade para arar e canizar as terras, sementar millo... Recordo a escola, cando miña nai me levou por primeira vez. Recordo cando ía con meu pai e lle axudaba coa carteira: ía tres veces a semana polas cartas. Cando no verán non había escola e ía coa carteira das cartas lembro que me tiraba debaixo dunha viña, facía trampas para as rulas, ía xogando polo camiño... Salvo cando viña algunha paga de viúva -que daquela viñan en efectivo- entón aquela señora que levaba a distribución do correo dicíame: “Ahora derechito a casa”. Logo relevoume un irmán nesa encomenda, eu seguí a facer todos os traballos do campo (Estercar, trolar, sachar...) menos as cousas da viña (poda, atar as viñas, etc.), cando máis vendimar.

Os xoguetes, daquela, facíámolos nós mesmos. Tiñan dúas vantaxes, unha que como os facíamos nós, coidabámolos. Logo tamén nos habitúabamos a manexar ferramentas. Desde novos sabíamos usar o serrón, a trencha, o xabreiro...

Que lembranzas gardas da escola?

A escola primaria, era como as que hoxe chaman unitarias, con

unha mestra que cando enfermaba non viña ninguén no sitio, e os nenos, a maioría -non no noso caso- ían á escola só cando chovía, porque cando non, tiñan que ir traballar. Houbo un tempo que nos militarizaron na escola. Cada rapaz tiña que levar un fusil, pero un fusil de madeira. Meu pai como era carpinteiro fíxome un precioso. E facíase incluso instrución, cando eran mestres varóns. Pero esta mestra, Ana Castro, de instrución nada, pero os fusiles estaban alí diante da escola. Aínda estando no colexio de primaria.

Empecei os estudos de comercio por correspondencia. Por que na escola non se podía aprender moito, un pouco de xeografía, un pouco de historia... que como dicía Valenzuela era unha rolda de batallas, perdidas as de fóra e gañadas as de dentro... Todo iso non servía para nada. Nós eramos sete irmáns. Meu pai doume todo tipo de facilidades, mesmo cando tiña que facer exames dicíame, queda na casa, non veñas á leira. Eu vira o anuncio no *Faro de Vigo*, meu pai recibía ese xornal xa nos tempos da guerra, logo houbo máis veciños que o recibían: eu levei unha gran decepción ao comprobar que no deles poñía o mesmo que no de meu pai, eu pensaba que se facían en exclusividade para cada lector.

Total, con 16 anos comecei a traballar -asalariado- o 15 de maio de 1945.

E como vivía un labrego daquela con 7 fillos?

Non era como Balbino, pois era terra de seu, aínda que non moita. Entón había que rotar as terras, pero era unha agricultura moi atrasada, as sementes ían dexenerando, os abonos eran de esterco e pouco máis, os “*minerales*” custaban moito. Aparte non había orientación ningunha do que producir e do que botar. Traían fertilizantes en sacos e ao mellor botaban nunha terra que non precisaba o que estes traían, o terreo hai que analizalo para ver que necesidades ten... Ninguén miraba nada diso.



Era a terra o medio do que vivades?

Incluso vendendo o que era necesario. Eu teño un conto dun rapaz que lle leva a catro quilómetros de distancia un litro de leite a un señor que era inspector das vías de tren, daquela liña de Zamora á Coruña. E ese neno era eu moitos anos. Un día -aparece en “*Xente no rodicio*”- esfachica a botella no chan e di: “que miseria é esta” e non chega o leite ao destino. Vender un litro de leite dunha das dúas vacas esfameadas que había, cando na casa facía falla ese leite para os rapaces, ou para facer manteiga. Tamén se vendía parte dos ovos. O campesiño, daquela, vendía o que precisaba, non só os excedentes. Porque ao médico había que pagarlle, calquera problema, tiña que saír daqueles cartos pois non había outros ingresos. Eu desde os sete ou oito anos andaba ao cornello polas leiras, xuntabamos uns poucos e humedeciámoslos para que pesaran máis e logo vendiámoslos na feira de Bandeira. Daquela iso era así, eu coñecín rapaces que andaban descalzos polo monte, nós non, pero coñecín pobreza extrema, miseria.

Que comías un día normal? Como se sobrevivía así?

O almorzo era caldo, con pan de broa. O xantar era caldo outra vez, e se a caso un anaquiño de touciño... Eu teño falado da gramática da fame. Meus pais calculaban tales feitas tocan tantos ferrados de sementar, ta, ta, ta... Iso con bo tempo, sen que sexa óptima a colleita da tanto, ese

A entrevista -da que hoxe reproducimos a primeira parte- foi desenvolvida en distintas xornadas e en diferentes lugares como é o caso da foto que reproducimos na illa de Gres (Vila de Cruces)



Marga Do Val e Xosé Neira Vilas consultando documentación do arquivo que conserva na sede da súa fundación en Gres

Embaixo, asistentes ao xantar co gallo do I Congreso da Emigración Galega celebrado en Bos Aires en 1956 no que Neira Vilas tivo un papel relevante na súa organización. Este mozo labrego de Gres chega a unha grande cidade na que descobre Galiza, e toma contacto co máis egrexio da súa intelectualidade

tanto da para tantas coceduras durante oito días en cincuenta e dúas semanas -cocían cada oito días- e isto dá para darnos o pan racionado. E tan ben levaban a administración que ningún de nós se tuberculizou nin nada, a pesares de que houbo moita tuberculose pola zona. A roupa era remendada. Os zocos servían para camiñar por corredoiras de lama. No inverno pasábase frío por iso queríamos estar ao pé do lume sempre porque ao vir para o cuarto coa humidade e as sabanas frías era moi desagradable. Entón esa era a infancia e con todo eramos todos os rapaces moi vitais entón. Xogabamos moito, iamos ás romarías, iamos coller foguetes para facer cometas, camiñabamos dez ou doce quilómetros sen problema ningún. Poñiamos trampas aos coellos, pescabamos, cruzabamos o río, eramos moi vitais porque non tiñamos conciencia da pobreza na que estabamos, non coñeciamos outra cousa. Claro que viamos os señores que viñan da vila,

mesmo os choferes que viñan buscar cousas, que estaban mellor mantidos, pero non tiñamos unha noción moi clara de que había un mundo mellor. Con todo eu lía moito.

Que recordas ler daquela?

Cando meu pai foi a Bos Aires trouxo uns libros. Trouxera un almanaque, un dicionario de español, unha revista e trouxera -sobre todo- *El Conde de Montecristo* de Dumas que lin un montón de veces. Para min foi un descubrimento ver que aquilo que era palabra podía levarse a signos. Aínda que atopaba que escribíamos nun idioma e falabamos noutro. Eu escribía cun garabullo no chan, coa aguilloada das vacas na tona dos ameneiros, poder converter a palabra en signos. Lía canto había, tanto é así que cando estaba de carteiro, chegaban catálogos e eu comecei a pedir -sen que meus pais soberan- libros contra reembolso a Barcelona. Ese era o meu grande desexo: ter libros. Quizais unha das razóns polas que creamos esta biblioteca nesta aldea foi precisamente para compensar a carencia que tivemos tanto Anisia, alá no monte en Ciego de Ávila, como eu aquí en Gres. Pero eu non dicía nada e íaos agachando nas ripas do tellado e un día meu pai descubriunos e dixo: "Pero que é iso?" Entón eu respondínlle que os pagara eu, que non pedira nada a ninguén... Entón díxome que podía seguir "pero con moderación". Na escola a mestra, ao único ao que prestaba libros era a min, saían os outros e dicía: "Ven aquí, ¿que te gusta de esto?" Eran historias de santos... pero eu lía todo.

Que vivencias tes da guerra?

Eu era moi pequeniño. Recordo que alguén chegou e fixo unha especie de anuncio: "Señores empezou a guerra". Mais como nós tiñamos a cartería cada tanto viña un telegrama dando a noticia dun morto. Un día chegou un telegrama a nome de "familiares del soldado Victoriano" e ese era o fillo da miña mestra. Só cando o veu xa comezou a chorar e total ao fin non era porque morrera. Creo que era del mesmo. Aqueles homes que

levaran do agro para a fronte, para combate por unha cousa que non sabían que era, dicíanlle tira para alí e disparaban. Como cando ían a misa e escoitaban ao cura falando contra os comunistas e os masóns e non se sabía moi ben de que estaba a falar.

Logo houbo ameazas. Chegou un anónimo pedíndolle cartos a meu pai. Meu pai foi esperar coa escopeta no sitio onde lle dicían que tiña que deixar os cartos e non apareceu ninguén. El non entregara a escopeta na requisa, gardáara no medio da palla e eu un día tropecei con ela. E outra vez metendo a man nunha barrica de millo atopei unha pistola de meu avó. Non é que quixeran facer nada con ela, pero era unha cousa deles e non querían entregala. Mais para nós a guerra era que non había romaría, non había foguetes, non había música nin gaiteiros.

E a igrexa e a figura do cura, que presenza tiñan na infancia?

Tiñamos que confesar unha vez ao ano. Dicían que se tiñas un pecado non podías comungar e eu xa estaba na fila e acordeime e dixen: "Esquecín un pecado". Volvín confesar e conteille: "Pegueille a miña irmá". Díxome que me absolvía e volvín á fila e comunguei. Cando eu descubrí a escritura, nun anaco dun mapa que trouxera meu pai escribín toda a lista de pecados, entón eu puña de primeiro "He dicho mecagoendios" - aínda que non estaba seguro de telo dito, pero por se acaso- e meus pais que se chego dicilo danme unha tunda tremenda, visto escrito así ríronse a cachón.

E despois, con dezaseis anos, comezaches a traballar?

Si nun serradoiro preto de aquí, nas oficinas. Cubicando madeiras, eu aprendín tal habilidade que sumaba até dúas columnas xuntas. Ás veces acompañaba os camións a Santiago e a Pontecesures. Eu non atoparía na aldea, nin en toda a comarca un traballo de oficina como non fora nese serradoiro que tiña a trescentos metros. Mais tamén o serradoiro non podía atopar un rapaz en toda a comarca



que puidera levar a contabilidade, cubicar madeira e facer todo ese traballo. Era unha relación case inevitable. E alí estiven catro anos. E eu era un privilexiado na aldea porque tiña un salario que era maior que o dun mestre, 600 pesetas ao mes, as horas extras a 20 pesetas.

E como levabas a cuestión do idioma? Cal foi o teu xeito de enfrontar a existencia dunha lingua propia e outra que era a que había que empregar no comercio e no ensino?

Eu adherínme ao idioma galego desde sempre. Sen saber que ía ser escritor. Eu desde os nove anos escribía versos e contos, pero non pensei que me ía dedicar a isto. Pero facíao en galego e mesmo fun castigado porque cando tiña nove anos había dúas filas de pupitres, para nenos, para nenas, e no fondo había outro para os faladores, fora nena ou neno. Un día estaba falando un compañeiro comigo e a mestra pensara que fora eu e mandoume para o pupitre do fondo, e eu escribín unha nota: "Alfredo, parece mentira que me castigaran a min por falar ti e non dixeches nada". Tireilla nunha boliña e interceptouna a mestra, leuna e dixo: "Y encima en gallego".

Pero tiñas conciencia da existencia dun conflito lingüístico?

Non, era espontáneo, eu sabía que era a miña fala, a de meus pais, meus avós; e a da escola era outra. A mestra na escola deixábanos falar en galego, pero un día díxonos -porque lle orde-



Asistentes ao I Congreso da Emigración Galega

Embaixo Xosé Neira Vilas intervindo na Illa de San Simón na homenaxe ás vítimas do franquismo dedicada ao exilio galego co que el tomou contacto na Argentina



Xosé Neira Vilas sendo entrevistado por unha nena no CEIP do Foxo

naran a ela- de agora en diante “debeis hablar en castellano, dentro y fuera de la escuela”. E nós dixemos, non. Diante da escola si, pero fóra non. As nenas que ían camiñando na mesma dirección que a mestra acompañábana e falaban con ela. Pero desde que ela dixo iso, as nenas deixaron de acompañala. As nenas dáballe vergoña falar entre elas en castelán pola aldea adiante. Se viña un de fóra, admitíase que se lle falara castelán.

E cando comezan as túas inquietudes culturais?

Eu propoñoille a uns cantos veciños deste lado e do outro do río, maiores que min case todo, facer un grupo de teatro. Teatro en idioma galego. E unha librería de Vigo, Julián Buceta, na rúa Policarpo Sanz en Vigo, pediálle libros contrarreembolso, e mandábame, algúns da época da República. Eu pasaba o papel de cada un, e de paso adaptáboo á fala da comarca. Se usaba unha palabra que non se empregaba aquí, eu substituíaa. Aprendía todos os papeis de memoria, e se o que estaba actuando comigo non se acordaba íalle dicindo polo baixiño. Mesmo tiñamos unha obra da nosa autoría que escribimos entre dous, *Xan de Brandomé*. Pero puxemos obras de Álvaro de las Casas, (*Pancho de Rábade*); de Ricardo Frade (*O Rei da carballeira* e *Vaites*, unha de Lúgrís Freire.

Pedímoslle a casa prestada a un veciño que a tiña en construción e deixóunola coa condición de que lla

tellaramos. E así fixemos, os actores e actrices, subindo as tellas antes de ensaiar. Despois, como eran veciños, os do público, tiñamos unha ola de viño branco e antes de saír a escena, botabámoslle un grolo para desinhibírmolos.

Ensaíabamos moito, sobre todo as cómicas, para non rirmos diante do público, ao cansarnos dela xa a facíamos con máis naturalidade.

Nós cobrabamos a entrada, e cando tiñamos tres ou catro funcións, traíamos oito ou dez músicos da banda de Cira e facíamos unha foliada para toda a parroquia. Revertiamos os beneficios na comunidade.

Outro entretemento do Val do Ulla é o do entroido, os Xenerais.

E como era o Entroido daquela?

Eu podó falar do que facíamos nós, que non era saír no día e nada máis. Nós catro meses antes traballabamos. Eu dedicábame a poñerlle letra en galego a corridos mexicanos de Jorge Negrete: “Somos todos uns bos malladores...” Todo con música de corrido e algún bolero. E preparamos os saltos tamén. Os saltos son que os xenerais que van coa máscara, cando van cruzar a fronteira para outra parroquia, se calquera que os reta lles vence na regueifa en verso, entón teñen que dar volta. Pero iso non era frecuente que se dera. Facíase un percorrido dando os vivas aos veciños, e daban algo ou convidábase cunha xerra de viño. Ao remate nun rueiro había unha polémica organizada “siete noches aquí te estaba esperando, por mi estaba lloviendo por mi caballo nevando...”. Eu preparei dous altos combinados en versos ben medidos, e o último mandeino desde Buenos Aires xa no ano 50. Unha das vantaxes do illamento é que nós aquí facíamos teatro en galego, de autores da República e ninguén se metía con nós. Se o chegamos facer nunha vila estaría prohibido.

Entón porque emigras?

Aí está a cuestión. Eu formo parte daquela riada migratoria de despois da Segunda Guerra Mundial.

Para Brasil e Venezuela podía irsen sen requisito ningún. Na Arxentina non, requiríase un permiso de libre desembarco e unha carta de chamada, pero era máis interesante porque estaba mellor economicamente, e eu tiña un primo alí que me reclamou. Eu fun un máis. Pero cun matiz: eu emigrei porque quería estudar. Botaba contas en traballar polo día e estudar pola noite. Tratei de conseguir traballo en Santiago e en Madrid. Pero non atopei. Ocorre que ademais terminábaseme o prazo para facer o servizo militar. E daquela non era estar un ano no cuartel. Eran tres anos, e encima quedar mobilizado sete ou oito anos.

E total, marchei, tiña só praza en primeira clase no barco ou en avión. En terceira, que era a miña clase natural, non había sitio. Entón pedín diñeiro para pagar a pasaxe. Daquela cotou doce mil pesetas. Logo estiven dous anos traballando para pagala. Eu non tiña ningún aforro.

Tiven que embarcar en Cádiz, con 20 anos, fun en tren até Madrid. Alí estiven cun parente unhas horas, e logo seguín até Cádiz onde estiven tres ou catro días. A axencia encambou comigo a sete ou oito emigrantes máis. Pensou que eu era un pouco máis listo que eles e fixo un quilométrico a meu nome. Era un billete para varias persoas, pero o titular era eu.

Logo embarquei, efectivamente, en primeira clase, no Cabo de Buena Esperanza, da Compañía Ibarra, con sete pratos a escoller -eu que comía caldo con touciño- e unha orquestra de cámara tocando mentres. Mais eu durante o día baixaba as escaleiras e ía para terceira para estar cos da miña clase. Pero mentres tanto puideren ver como era a frivolidade da burguesía que viaxaba por pracer, puideren ver cando o cruce do ecuador a festa estúpida que facían: poñíanlle un ovo na cabeza e esmagábano, dábanlle un diploma co nome dun peixe....

E finalmente conseguiches o obxectivo de estudar.



Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda forxaron unha alianza no persoal, cultural e no activismo político

Si, ao pouco tempo comecei a estudar, primeiro Técnicas Comerciais. Logo estudei tres anos Acordeón. Tiña un profesor Italiano que só me daba pezas do seu país, eu quería tocar algo brasileiro, e comecei con bahianos, sambas, e esas cousas. Pero un día deixeiño. E despois fago unha carreira de literatura por correspondencia, e xa finalmente ingreso na Carreira de Xornalismo. Cuns programas moi bos: historia do cine, do xornalismo, técnicas fotográficas, oratorias,... e logo as materias específicas: noticiarios, documentais, etc. E alí estudamos Anisia máis eu.

E cando tiveches conciencia de ser escritor?

Eu quixen escribir desde os 9 anos. Recordo que facía uns versos lamentando a ausencia de Pontevedra, cando eu non me pensaba marchar nin nada. Eu supoño que por influencia libresca. Pero cando chego a Buenos Aires empezo a publicar. Pero eu primeiro tiña que gañar a vida, se-



Conferencia por internet para unhas xornadas na universidade de Birmingham. Xosé Neira Vilas é un dos autores galegos de máis proxección internacional

gundo tiña que estudar, terceiro acababa de descubrir Galiza a través dos galeguistas e converterme nun activista nacionalista. E todo tiña que facelo ao mesmo tempo.

Como naceu o activista nacionalista?

O primeiro que fago, na biblioteca do Centro Galego, que tiña un director nacionalista de Betanzos, Luís Ares, e alí comezamos a tomar conciencia das cousas políticas e patrióticas un grupo de rapaces e creamos as Mocidades Galeguistas. O 28 de agosto do ano 53 fundamos as Mocidades Galeguistas. Alí estaba Alonso Ríos que nos dou un discurso magnífico, Rodolfo Prada e outros dirixentes. E nós nacemos como a rama xuvenil da Irmandade Galega, que viña sendo o Partido Galeguista no exilio. Pois nun país estranxeiro non estaba permitido ter un partido propiamente dito. Pero como tal rama xuvenil estabamos moito máis radicalizados que os maiores. Un día Suárez Picallo díxonos: "Bueno, nós non somos tan radicales coma vós, pero se aos vinte anos non estades máis alá, cando ides estar" e deixounos facer.

Quen erades os membros daquelas Mocidades?

Eramos Antón Moreda, Celestino Conles, Adelina González Val, Pilar Xeremías, Antón Santamarina Delgado. Eu fun o primeiro Secretario Xeral, creamos o periódico "Adiante", creamos a Galeuzca xove, unímonos a grupos cataláns e vascos, tiñamos festivais conxuntos... Chamabámoslle festivais pero facíanse intervencións, un de nós, case sempre me tocaba a min, falabamos dos dereitos nacionais de Galiza, do seu idioma, da súa historia... E logo viñan grupos folclóricos e logo viñan os cataláns e facían o mesmo, e logo os vascos.

Que lembras de Antón Moreda que logo terá un papel importante na reactivación do nacionalismo no interior?

Era un rapaz que vivía coa nai en San Miguel de Reinante, o pai estaba en Cuba. E emigrou por emigrar, non

tiña maiores problemas, vivía ben coa nai. Pero aquí chegou. Eu levábame moi ben con el. El estaba na nosa comisión de cultura. Tiñamos que facer os folletos das actividades conxuntas en galego, vasco e catalán, e imprimíao un amigo meu que era anarquista e el axudábame. Moreda estivera cun tío, en Campana, nas aforas de Buenos Aires. El era algo introvertido e quizais mesmo inmaduro pero fíxose galeguista convencido.

Lembro difundir con el follas voandeiras na avenida de Maio. A denuncia que fixemos diante da UNESCO sobre a persecución da lingua galega, imprimimos en castelán 20.000 exemplares que repartimos entre a xente. El participaba niso e logo leveino tamén co grupo de Teatro de Ricardo Flores. E un día decidiu volver. Tiña a nai aquí soa. Entón foi a nosa casa a véspera, levou uns cantos libros que editáramos e dixo: "Voume porque chamei a miña nai e lle dixen que ía, senón non me ía". E logo souben que cando chegou aquí estivo co Consello da Mocidade, sei que tivo moitos contratempos e problemas, e un día trastornouse. Eu non creo que fose pola situación política que viviu, é certo que tivo desencontros cos compañeiros pero outros moitos tamén sufriron isto. El tiña que ter algo psíquico anterior que o levou a acabar trastornado. Mais, o feito é que dalgún xeito daquel Consello da Mocidade xurdiu a UPG e dalgunha maneira aquilo que estabamos facendo alá, algunhas ideas daquel galeguismo, daquel nacionalismo, chegaron tamén de América a través del. Como unha especie de mensaxeiro noso.

Como se concretaban esas ideas? Que actividades levabades a cabo?

Tiñamos nas oito principais sociedades galegas unha pizarra para anunciar as nosas actividades. Nós eramos xente de rúa, de protesta. Puñan un personaxe galego ridiculizado que era "Cándida" e nós fomos dúas veces a protestar diante do cine e tiveron que retirala de cartel. Fomos tamén

a protestar por un sainete de Roberto Bacareza que denigraba aos galegos e tamén o sacaron de cartel. E protestamos diante da emisora de Radio onde estaba Pepe Iglesias "El Zorro" que facía personaxes variados, mais había un que era un tipo que chamaba a noiva e era zafío, ignorante, e nós protestamos. E así é que suavizaron a personaxe e un día soubemos dunha cousa moi curiosa. E foi que ese programa anunciaba unha marca de aceite, e o 95 % dos almaceneiros, que tiñan tenda de ultramarinos, eran galegos. E sen poñerse de acordo entre eles, espontaneamente deixaron de coller ese aceite. Sen ter conciencia política de nada. Total que tiveron que suprimir o programa de Pepe Iglesias e o xefe de vendas da radio foi darlle unha satisfacción a centos destes bodegueiros galegos. Pepe Iglesias marchou de Arxentina, veuse para Madrid, aquí seguiu cos personaxes burlándose dos galegos e aquí ninguén protestou.

Lémbraos o libro de "Chistes de Galegos" e a leada que houbo.

Si, porque o problema non é que se rían cos galegos e dos galegos, senón dos estereotipos que fixan. Samuel Feijoo, un folclorista cubano, sacaba uns libros que eran "Cuentos de Gallegos", "Cuentos de negros", etc.... e ninguén se molestou. Porque aparecían galegos pillos tamén. Nos de Arxentina os galegos sempre eran explotados e burlados polos outros. Eu cheguei dicir en Buenos Aires, a ver cando teremos un galego que sexa un grande estafador. E non esa imaxe dos galegos como criados servís que lle daban a chave da casa e confiaban neles totalmente.

Nos contos populares cubanos e nas coplas que tratan de galegos, tratan de galegos pillos e pillados. E ninguén se molesta por iso.

E as mulleres tamén traballaban e participaban nestas actividades?

Aí non había machismo de ningún tipo. Pilar Xeremías estaba na Comisión de Cultura. Adelina González Doval daba aulas de galego. Moi



respectadas e queridas, compañeiras, andabamos todos xuntos. Mesmo nos actos lúdicos. Lembro unha vez que nos mandaron á Comisaría por cantar en galego. Os actos patrióticos eran moi serios, pero nós eramos mozos e queríamos divertirnos algo tamén. Tiña un amigo italiano que posuía nas aforas de Buenos Aires unha finca e prestounola. Fomos un domingo, collemos o autobús e case o enchemos. E cando viñemos de volta

Enriba Neira Vilas intervindo no Congreso da Emigración, sentados Lois Tobío, Alonso Ríos e Puente. Embaixo Xosé Neira Vilas durante a entrevista



Xosé Neira Vilas como conferenciante para os nenos aos que presta unha especial atención na súa obra e no seu activismo cultural

entrou un militar, e ao vernos cantar díxonos que era un medio público e que debiamos calar. Como non lle fixemos caso mandou parar o Autobús e levounos a Comisaría de Caseros. O Comisario non sabía que facer con nós: Acusados de cantar. Primeiro fichounos: "Nombre?:" "-Xosé Neira Vilas", "nacionalidad?:" "-Gallego", e anotounos como galegos, mesmo aos arxentinos que viñan con nós. Pero ao rematar, como non sabía que facer con nós díxonos: "Miren, mientras dure la provincia de Buenos Aires, se me van calladitos, ahora en cuanto crucen la Avenida del General Paz, entonces hagan lo que quieran que ya no es de mi jurisdicción". E así fixemos. E o militar seguía. E aínda quedaba unha hora de viaxe.

Foi grande a importancia que tivo a denuncia diante da UNESCO. Non vos sentiades un pouco no absurdo mobilizándovos por unha terra que estaba a miles de quilómetros e que non sabía de vós? Defendendo unha lingua, a galega, nunha cidade como Buenos Aires?

Nós estabamos tan imbuídos da identidade galega, e o idioma reflectía unha identidade moi aguda, moi íntima. Nós fixeramos xa círculos de estudo semanal do "Sempre en Galiza" capítulo a capítulo. Tiñamos un orientador que nos axudaba, Bieito Cupeiro. Tiñamos unha conciencia galega moi acentuada. Viñamos descubrir Galiza alí. E moitos Arxentinos descubriran Galiza tamén con nós. Os arxentinos é certo que algúns tiñan

ese vencello cos seus devanceiros galegos como unha evasión. A vida porteña é moi cosmopolita, entón volcábanse aquí, buscaban unha raíz. Non era por exotismo. Había un atractivo cara a busca dunha patria anterior -como dicía González Carballo- unha patria que nunca viran, algo que atrae sempre. E non só repartimos a denuncia diante da UNESCO, senón tamén o artigo de Francisco Luís Bernárdez, "El idioma prohibido".

Luis Bernárdez era un poeta arxentino que ten un libro precioso: "La ciudad sin Laura" e logo el ten libros sobre o galego medieval e outras cousas. Tivo contacto coa xeración "Nós", eu trateino, estivemos dúas ou tres veces os das Mocidades con el.

Ese artigo tamén o publicamos e repartimos. Pero ese xa non lle molestou a Fraga, que estaba na Delegación Española na UNESCO na reunión de Montevideo. Cando puidemos colar na Comisión Lingüística o folleto de Denuncia, Fraga molestouse moito. Dixo que aquí non había ningún idioma prohibido.

Nesta acción, quen estaba en Montevideo, por que aí precisabades alguén alí, con quen vos relacionabades nese país?

Si, con Tobío, Meilán, e aquela xente. Xervasio Vázquez, un moi bo tenor celanovés, quen cantaba cancións galegas, eu escribinche a letra. Quería que lle fixera unha ópera e díxenlle que non. Montevideo era unha especie de sucursal de Buenos Aires desde o punto de vista político e cultural. Aínda que non me gusta dicir sucursal pois estaba ao noso par, o que pasa é que Buenos Aires era máis grande e tiña máis peso. Mais non que foran subsidiarios nosos.

Outra das actuacións máis relevantes dos galeguistas foi o Congreso da Emigración, que lembras?

O Consello de Galiza, nos comezos do ano 56, nomeounos para organizalo. Eu estaba de secretario da comisión. Aínda que non era secretario oficialmente, que era Francisco Regueira, que non sabía escribir a máquina. Era

un velliño e eu era pro-secretario. Aínda que na práctica tiven que facer eu ese labor. Entón a min molestoume e así o dixen, o feito de que non se invitara ao grupo intelectual. Porque encargáronlle a Leopoldo Novoa -que estaba en Montevideo- o cartel, aquel que inzou todas as rúas de Buenos Aires. Estando alí Seoane. Non era por Leopoldo co que se levaban moi ben, quen colabora en "Galicia Emigrante" de Seoane. Mais si cos galeguistas históricos que non contaran con eles. Porque lle foron pedir a Lois Tobío o regulamento do congreso, cando había alí xuristas que podían facelo.

Mais que había no fondo disto?

Tamén había problemas persoais, mais sobre todo eu coído que pecaban dun anticomunismo feroz. Dícían que Seoane, Dieste, etc. eran comunistas. Non me consta que estiveran organizados. Tiñan si na súa obra unha inspiración marxista. Mais ao fin ían a outro lado e total topaban cun Lois Tobío que tamén era marxista. Leopoldo Novoa tamén. O único que facían era molestar aos de preto. Eu era a ponte, con frecuencia, entre uns e outros. Era a ponte entre os galeguistas clásicos (Abraira, Prada, Puente...) e os intelectuais.

Lois Tobío comentoume que vós os dous tivestes un papel conciliador fundamental para que o congreso fose adiante

El moito máis veterano que min, moito mundo andado, pero si é certo. Facíamos de compoñedores, e dalgunha maneira Canabal tamén. Canabal era director do Banco de Galicia, da empresa papeleira maior de Uruguai, un cabaleiro educadísimo, dounos 50.000 pesos para o congreso, era un home moi fino.

E como foi o papel de Ramón de Valenzuela no congreso?

El participou cun relatorio sobre o teatro. Hai que dicir que as cousas foron calmándose ao ver que os que tiñan receos por comunistas actuaban de xeito brillante. Comesaña -que tamén era comunista- dera unha conferencia no Teatro Argentino tan excep-



cional que entón xa o acolleron ben. Igual que con Pepe Velo, era nacionalista, pero de esquerda comunista. Pero fixo unha clausura do congreso que se gañou a todo o mundo. Un discurso tan bonito a Rosalía no vestíbulo do Centro Galego que entón xa ían caendo os receos.

Propoñen a Mesa do Congreso, presidentes honorarios, mulleres (a viúva de Bóveda, Virxinia...) e vai Comesaña pide a palabra e propón a Manuela Sánchez - a guerrilleira que canta Lorenzo Varela- e entón xa se armou, "xa nos meteron aquí unha comunista". Pero non podían volverse atrás e tragaron de mala gaña.

Entón que tiñan en común e que os separaba?

Os fins eran os mesmos, unha Galiza libre, que houbera unha democracia, un respecto polo idioma galego e a nosa historia, dentro dun Estado Español republicano. Os fins eran os mesmos pero os camiños eran diferentes. Seoane dixo nunha editorial de "Galicia Emigrante" que cando na Galiza se puidera votar, que tiveran en conta os políticos do futuro que tiñan que usar o idioma galego.

E como vían os "intelectuais" o Consello de Galiza?

Non había unha posición en contra nin a favor. Estaba aí. Levábanse ben con Alonso Ríos, Elpidio -que era o sogro de Valenzuela, o pai de Mariví- entón pois non había tanto problema, de feito, Seoane tenme falado ben de Prada. Aquí o provocador era Abraira. Prada era máis contemporizador. Can-

Anisia, Neira Vilas e Marcos Ana. La Habana, 1963. A implicación política con Galiza de Neira Vilas, forxada nos primeiros anos de Argentina, profundouse coa solidariedade coa loita antiimperialista no mundo, e concretamente con Cuba, moito antes da Revolución, con diversas actividades en Bos Aires que compaxinaban cos actos a prol de Galiza. Finalmente a súa vida discorrería entre estas dúas nacións coas que se sente intimamente vinculado



Anisia e Neira Vilas nos xardíns da Facultade de Agronomía. Bos Aires, 1955

do Seoane chegou a Arxentina chamouno para que integrara a Comisión de Cultura do Centro Galego.

Pero era unha cuestión persoal ou había unha confrontación entre a dialéctica esquerda – dereita, e centralismo-galeguismo.

Non se pode falar en termos esquemáticos dese tipo. Lembro que chamaban en termos despectivos “os intelectuais”. Un pouco distanciándose deles. Un día terciou Pita nunha reunión do Centro Ourenán cando se referían a eles como intelectuais: “Intelectuais somos todos desde o momento en que pensamos algo”. Chamábanlle intelectuais pola profesión, pintor, poeta, escritor...

E ti no medio, non te incluían nos intelectuais?

Si, pero eu estaba no medio, sempre insistía en que se chamaran. Foron unha vez, a unha xuntanza no Centro Pontevedrés. E logo Abraira aínda se burlaba deles porque tiveran que vir: “entraron en fila india...” Non tiveron que ir, foron porque quixeron. Se lle mando unha carta para que viñeran. Eran cousas de matices pero os fins eran os mesmos: Galiza e República. Lembraban todos o 17 de agosto, Día dos Martires. Había tres actos que xuntaban a todos. O aniversario de Castelao, o do fusilamento de Bóveda, o do plebiscito da Autonomía, e algunha vez para o de Pardo de Cela. E así mesmo esta Comisión lle propuxo a Seoane facer o libro *Castelao pintor* e a Blanco Amor o de *Castelao escritor*.

E cal era o papel de Blanco Amor neste contexto.

Blanco Amor era unha cousa aparte. Desde logo cos galeguistas tradicionais non se entendía moi ben. Nun tempo si. Antes da guerra, antes de que viñeran os exiliados dáballes conferencias sobre Rosalía vestido de smóking e os galeguistas estaban orgullosos del. Desde logo que estaba na AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas). Os tradicionais atacaban a súa homosexualidade, case publicamente, e el burlábase deles. Blanco Amor era

un emigrante, non exiliado, pero que estaba máis cerca dos exiliados. Eu levábame ben con el, publicou anuncios sobre a nosa distribuidora “Follas Novas”, fixo un comentario na radio sobre o libro de *Memorias dun neno labrego...* E os outros tamén me trataron ben, nunca me criticaron que tiveran relación con eles. Eu era un pouco o punto intermedio. Para min era lamentable ese desencontro porque o fin era o mesmo, o ideal galeguista era o mesmo, o antifranquismo era o mesmo.

Chegaches a Arxentina antes de que morrera Castelao.

Si pero cando cheguei eu non sabía del. Morreu ao pouco de eu chegar. Souben quen era cando vin unhas carrozas polas rúas de Buenos Aires e empecei a preguntar quen fora ese home. Pero cando cheguei andei a buscar traballo, a ubicarme... despois, coas Mocidades Galeguistas xa tiñamos a Castelao nun altar.

E a Suárez Picallo?

A Suárez Picallo si que o tratei moito. Un tempo en que nos viamos case todos os días nun bar que había case en fronte á tenda de Abraira. Cando aínda Anisia e eu eramos noivos. Logo no Centro Lucense. Era un home vencido pola vida. Díciame: “Neiriña, Eu estou involucrado nos sete pecados capitais”... Picallo tamén estaba marxinado polos galeguistas históricos porque non lle era totalmente fiel. Trouxérono de Chile e díxéronlle que lle pagaban a pensión onde estaba, pero ao final tamén tiveron problemas con el. El tamén no fin bebía bastante.

Un remate semellante ao de Alonso Ríos, morto no esquecemento

Alonso Ríos nos últimos anos díciase que estaba tolo. Alonso Ríos era un grande soñador. Pero tamén morreu marxinado. Desde que morreu o seu fillo estaba mal e finalmente suicidouse.

E como decidides o de botar a andar un proxecto como o de “Follas Novas”?

“Follas Novas” ía ser unha librería nun local que xa comprara ao lado da oficina onde traballaba. Eu traballaba nunha oficina dunha importadora de madeiras. Levaba a contabilidade e sostiña a cousa nun equilibrio tremendo, trataba que ao fin de mes houbera cartos para que os que estabamos alí cobrásemos. Total que cando cheguei a Cuba ao pouco dinme que quebrara. Pero para ter unha librería que fose sostible precisaba ter papelería, revistas, libros de todo tipo... E eu quería só traballar cousas galegas. Entón casamos en febreiro do 57, e dixo Anisia -porque non a poñemos na nosa casa- e así o 15 de xuño, aniversario da morte de Rosalía, fundamos a distribuidora na nosa casa. Hai que dicir que a prensa e televisión daquela prestáronlle moita atención a inauguración. Viñeron incluso moitos estudantes de xornalismo para ver que era aquilo. Fixéramos unha exposición de prensa galega en arxentina. E empezamos, con Arturo Cuadrado, recollendo os residuos de libros de Emecé, Botella al Mar, Editorial Nova e outros. Logo comezamos a traer libros de Galaxia, de editorial Porto, Bibliófilos Gallegos, libros que se publicaban en Madrid (poemas escollidos de Curros, obra completa de Rosalía), libros publicados en Barcelona en castelán sobre Galiza, libros publicados en Monte Medulio en París. En Nova Iork, en México, ... Reunir todo iso supón centos de cartas e coordinacións... Por exemplo os libros que lle compraba a editorial Porto, do alcalde de Santiago, pedíame que a cambio lle mandara libros de medicina. Fixemos tres grandes exposicións de libro galego. Ademais de Arxentina, en Montevideo e Caracas.

O máis bonito do proxecto era que o que se obtiña de beneficios -nós non quedabamos con nada- ía para mercar libros para as sociedades galegas, para aqueles que non tiñan cartos, e tamén para que na Biblioteca Nacional Arxentina houbera unha sección de libro galego.

E como foi acollido ese proxecto polos diferentes sectores do galeguismo pratense?



Anisia, Otero Pedrayo e Neira Vilas. Bos Aires, 1959

Fomos mimados por todos, viñan por alí Pita Romero, Dieste, Seoane anunciábanos en *Galicia Emigrante*. Decía Ricardo Palmás que era a última grande iniciativa cultural dos galegos da emigración. O mellor era a relación que tiñamos coa xente. Había moitos galegos que nos dician, canto libro galego que saia mándamo. Lembro a Antón Represas, que era de Silleda, compraba todo. Sobre todo as tertulias que facíamos todos os sábados. Tiñamos uns ateneos, liamos un poema, un conto, falábamos de economía e política. Mozos e mozas galegos e arxentinos. Viña Emilio Pita, Laxeiro, Marcos de Abeledo, José Ruibal, José Conde.... Foi un lugar de debates moi interesante. Un día, o 10 de outubro de 1959, propúxenlle aos arxentinos: “Por que non creades unha Asociación Arxentina de Fillos de Galegos?”. Dinlles un proxecto de estatutos e un libro de actas. E empezaron Ricardo Palmás, Conles, Perfecto López Romero, Carlos Abreira, Pérez Prado... ■